



Dirección científica: CARMEN FERNÁNDEZ OCHOA (Catedrática de Arqueoloxía da Universidade Autónoma de Madrid)

Organización e patrocinio: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Lugar de celebración: Museo de Belas Artes da Coruña, r./ Zalaeta, s/n.


Secretaría e servizos complementarios: Galevents S.L.

A entrada é libre ata completar aforo.

<http://culturaeporte.xunta.es>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural



TORRE DE HÉRCULES,
FINIS TERRAE
SIMPOSIO SOBRE
OS FAROS ROMANOS
E A NAVEGACIÓN OCCIDENTAL
NA ANTIGÜEADE

DO 1 AO 3 DE XUÑO DE 2008 • MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

LUX

SIMPOSIO SOBRE
OS FAROS ROMANOS
E A NAVEGACIÓN OCCIDENTAL

Máis aló das Columnas de Hércules situadas no Estreito de Xibraltar, os navegantes gregos entraban no descoñecido onde “o mar se difunde e se dilata” ao dicir de Heródoto, e onde as augas estaban sucadas de seres prodixiosos, e as súas illas e riberas cheas de inestimables riquezas minerais. Era confín do orbe da terra. A curiosidade dos nautas gregos foi capaz de abrir as portas do *Atlánticus Oceanus* ás diversas civilizacións que lles seguiron, estreando novas rutas para o posterior comercio de fenicios e púnicos, que dobraron o Cabo de San Vicente e desprazáronse ata as esgrevias costas do septentrión galaico.

Os romanos continuaron as exploracións do Atlántico movidos por razóns estratégicas e económicas, transitando por este “mar exterior” ata acadar as rutas do mar do Norte. Foi, por tanto, baixo o poder de Roma cando o Atlántico se converteu nun espazo aberto a todas as correntes comerciais do novo Imperio, primeiro como consecuencia das conquistas de Aquitania e do Norte de Hispania por César e Augusto e, logo, polo impulso que adquiriron estes mares, unha vez completada a ocupación efectiva de *Britannia* durante o reinado de Claudio, a mediados do primeiro século da Era.

Neste ambiente de novos tránsitos e mercados, o Faro de *Brigantium* ergueuse como luz imprescindible para orientar a difícil navegación a través do xa sometido *mare tenebrosum*. A súa función de indicador e guía para o refuxio dos navegantes mantívose ao longo dos séculos e a súa imponente e solitaria imaxe fronte ao mar converterao en fonte e sede de mitos e lendas e en referente e símbolo da cidade nacida ás súas costas.

Outorgáronse diversos nomes a este faro ao longo do tempo ata que no século XVI se consolida como “Torre de Hércules” vinculado á lenda deste heroe grego na súa loita con Xerión. Alén da orixe e do símbolo, a Torre de Hércules xogou un esencial papel orientador nas rutas marítimas como tránsito obrigado entre os portos do sur e do norte da Península Ibérica e nos circuitos internacionais desde o Medievo deica os nosos días.

Estamos seguros de que os participantes neste Simposio, a través das intervencións e dos debates propostos, poderán coñecer máis a fondo a orixe e as peripicias deste senlleiro monumento, o seu transcendental valor histórico e a importancia do seu inigualable sinal escintilante —*finis terrae lux*— nos itinerarios atlánticos ao longo dos séculos.



1 de xuño

Visita ao Castro de Elviña, Torre de Hércules e Museo Arqueolóxico e Histórico de San Antón

2 de xuño

Sesión de mañá

9.30 - 10.00 h. Acto de inauguración oficial, a cargo de ÁNXELA BUGALLO RODRÍGUEZ (conselleira de Cultura e Deporte) e FELIPE ARIAS VILAS (director xeral de Patrimonio Cultural)

10.00 - 11.00 h. J. MANUEL ABASCAL PALAZÓN (Universidade de Alicante): “Novidades sobre Cornide e o Faro de Hércules. Os manuscritos da Real Academia da Historia”

11.00 - 12.00 h. ALFREDO VIGO TRASANCOS (Universidade de Santiago de Compostela): “A Torre de Hércules e a Ilustración na Coruña”

12.00 - 12.30 h. Pausa-Café

12.30 - 13.30 h. PABLO LATORRE GONZÁLEZ-MORO (Arquitecto) e LUIS CABALLERO ZOREDA (CSIC): “A construcción da Torre de Hércules. Novos datos sobre a estrutura romana”

13.30 - 14.00 h. Coloquio

Sesión de tarde

16.30 - 17.30 h. XOSÉ MARÍA BELLO DIÉGUEZ (Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña): “Brigantium e o seu faro. Contextos arqueolóxicos na cidade da Coruña”

17.30 - 18.30 h. JUAN NAVIRO LÓPEZ (Arqueólogo): “Comercio e navegación atlántica na Galicia antiga”

18.30 - 19.00 h. Pausa-Café

19.00 - 19.45 h. J. MANUEL ABASCAL PALAZÓN (Universidade de Alicante): “Os faros romanos. A evidencia epigráfica”

19.45 - 20.30 h. Coloquio

3 de xuño

Sesión de mañá

10.00 - 11.00 h.

11.00 - 12.00 h.

12.00 - 12.30 h.

12.30 - 13.30 h.

13.30 - 14.00 h.

16.30 - 17.30 h.

17.30 - 18.30 h.

18.30 - 19.30 h.

19.30 - 20.00 h.

SARA SANTORO (Universidade de Parma): “Escavacións en Dyrrachium (Durrës, Albania). Un faro romano na costa albanesa”

DARÍO BERNAL CASASOLA (Universidade de Cádiz): “Os faros romanos entre o Mediterráneo e o Atlántico”

Pausa-Café

J. DE ALARCÃO (Instituto de Arqueoloxía de Coimbra): “Portos e faros do Atlántico portugués”

Coloquio

Sesión de tarde

CARMEN FERNÁNDEZ OCHOA (Universidade Autónoma de Madrid) e ÁNGEL MORILLO CERDÁN (Universidade Complutense): “Faros do litoral cantábrico e do Atlántico norte”

J. ANTONIO SUÁREZ GARCÍA (Universidade de Oviedo): “Faros e sinais de navegación a través da cartografía histórica”

MESA REDONDA: “A Torre de Hércules, arqueoloxía, historia e patrimonio cultural”

Presidente-moderador: FELIPE ARIAS VILAS (director xeral de Patrimonio Cultural)

Participantes: JESÚS A. SÁNCHEZ GARCÍA, e ANA GOY DIZ (Universidade de Santiago de Compostela), e FEDERICO GARRIDO VILLA (xubdirector xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais)

Debate final e conclusións